



PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-21.



INDICE

Contextualización	3
Actuacións previas diante da aparición dun abrocho	3
Normas específicas derivadas do protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 para o curso 2020-21.....	5
Plan de continxencia para o curso 2020-21.....	9
Actuacións para o periodo de actividade lectiva non presencial	11
Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial	12
Protocolo de limpeza e medidas de desinfección para o curso 2020-21	14
Medidas xerais de protección para o curso 2020-21	15
Subministración de material de protección para o curso 2020-21	15
Medidas en relación co alumnado transportado	16
Medidas en relación co uso do servizo de comedor	16



CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo o PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021 VERSION 22- 07-2020 publicado pola Consellería de Educación, como se recolle no apartado 2.1 dos Principios Sanitarios Básicos, o centro educativo elaborará un “Plan de Continxencia” de conformidade coas previsións do modelo que figura no Anexo VI no que se establecerán a medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ao Protocolo citado e ao Plan de Adaptación Covid 19 do Ceip Fondo Nois as medidas axeitadas e os procesos requiridos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO.

- ⇒ Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. É compromiso individual e particular de toda a Comunidade Educativa a realización previa da autoequisa (Anexo Plan de Adaptación) antes de asistir ao centro educativo, así como de poñer en coñecemento do Equipo Covid do centro tal circunstancia.
- ⇒ Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a o **espazo de illamento**, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. Seguindo o apartado do Plan de Adaptación do centro que corresponde á xestión de abrochos.



- ⇒ Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia (designado pola Consellería e recollido no Plan de Adaptación), ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- ⇒ No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.
- ⇒ A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houbese cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- ⇒ Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho. Seguirase o apartado de Xestión dos abrochos do Plan de Adaptación do centro
- ⇒ A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
- ⇒ A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:
 - ✓ A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.



-
- ✓ Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.
 - ⇒ A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.
 - ⇒ A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no Protocolo e no Plan de Adaptación do Centro, así como do presente documento relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

NORMAS ESPECÍFICAS DERIVADAS DO PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 PARA O CURSO 2020/21

- ❖ O centro educativo conta cun “**equipo COVID-19**” que é o encargado de xestionar todos os aspectos relacionados con este asunto. Este equipo está formado polo director, secretaria e a mestra PT do centro.
- ❖ Cada maestr@ do centro deberá realizar unha **auto diagnose diaria** e comunicarllo ao equipo COVID si se presentan síntomas. Ademais o centro contará cun espazo de uso individual para illar ao alumnado que presente síntomas, mentres se xestiona o traslado, este espazo será a aula situada entre o edificio dianteiro e o comedor.
- ❖ É **obligatorio o uso da máscara** en espazos comúns; tanto para o alumnado como para calquera membro do centro. Recoméndase que todo o profesorado utilice a máscara continuamente, non solo pola súa función de protección senón tamén polo seu carácter **exemplificante**.
- ❖ Durante as clases nas aulas o alumnado colocarse establecendo a distancia máxima que permita a aula.
- ❖ **Fóra das aulas** respetarase a distancia de seguridade de **1,5 metros** cos demais membros da comunidade educativa, usando en todo momento a máscara.



- ❖ O alumnado **non compartirá material de uso propio** con ningún dos seus compañeiros-as.
- ❖ Os equipos de traballo colectivos (mestres) deberán ser **desinfectados** antes de ser empregados por outra persoa.
- ❖ As ventás, persianas, dispositivos de funcionamento da iluminación, proxectores e restantes ferramentas pedagóxicas serán **únicamente usadas polo profesorado**, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- ❖ Cada usuario da fotocopiadora deberá desinfectala cada vez que a utilice.
- ❖ Deben realizarse **tarefas de ventilación frecuentes** (sempre que sexa posible) e por espazo de, polo menos, 5 minutos ao inicio da xornada, ao finalizar e entre clases; así como deixar unha ventá aberta en períodos de recreo.
A ventilación será necesaria en calquera espazo do centro; tamén na sala de mestres-as, biblioteca, aula de PT, AL e orientación.
- ❖ Os titores encargaranse de actualizar e corrixir os datos de contacto familiar (número telefónico e enderezo) do alumnado así como os medios informáticos e de conexión telemática cos que conta o alumnado. Estes datos actualizados deben presentarse en dirección o día 15 de Setembro.
- ❖ Como norma xeral **non se permite a entrada de proxenitores** no centro educativo. A atención as familias farase preferentemente por teléfono ou outros medios a distancia. No caso de que sexa necesaria a presenza de pais/nais no centro, non poderán coincidir con horarios de entrada e saída nin coas nosas gardas. **No período de adaptación de EI**, agardarán na entrada. Alí deben desinfectar as mans con xel e tamén as dos seus fillos-as. A recollida destes nenos- as será no mesmo lugar. Tanto a entrada como a saída será de un en un esperando os demais fóra mantendo a distancia de seguridade e con máscaras.
- ❖ Na entrada e saída da aula e nos momentos de volta ás aulas do recreo, o **profesorado** velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado. O profesorado de garda de recreo é o encargado desta tarefa na saída e regreso do tempo de lecer. É **fundamental subir e baixar sempre co alumnado** e velar que se cumpran as distancias nos seus movementos e fluxos polo centro.



- ❖ O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa a saída, velará porque o material esté recollido e **desinfectado** polo alumnado e o alumnado preparado para saír ordenadamente e respectando a distancia de seguridade. No caso de **EI** o material será desinfectado polo mestre-a que estivo na aula a última hora.
- ❖ O alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado **evitando todo contacto** co resto de compañeiros-as (prohíbese compartir material). No caso de material común desinfectarase antes de cada uso e ao rematar a clase.
- ❖ Cando chegue á aula un novo mestre-a debe **desinfectar** a mesa e a cadeira así como o material (ordenador, bolígrafos, lápices...) e aquilo que considere.
- ❖ Evitarase o **desprazamento** do alumnado pola aula.
- ❖ **Antes de saír da aula**, o alumnado terá que hixienizar as mans con xel e, ao saír, debe ir de xeito ordenado e de un en un cumprindo as distancias mínimas. En calquera destes desprazamentos fóra da aula todos-as deben utilizar **máscara**.
- ❖ Evitaranse en todo momento a formación de **aglomeracións** do alumnado.
- ❖ O aforo da **biblioteca** limitarase ao 50%, é obrigatorio seguir as normas de distanciamento e hixiene social.
- ❖ O uso dos aseos está limitado a un/una alumno/a simultaneamente. Os usuarios deben hixienizar as mans á saída do mesmo. Durante os recreos o profesorado de garda vixiará o **aforo** dos aseos garantindo que se cumpre a distancia de seguridade nas ringleiras de entrada e saída. **O alumnado debe ir aos seus aseos sempre**; tanto no horario de clases como de recreo de comedor.
- ❖ Nos **recreos** o uso da **máscara é obrigatorio** e extremarase a vixiancia do alumnado.
- ❖ Corresponde ao profesorado manter unha **conduta exemplarizante** no cumprimento das medidas de protección.



- ❖ Durante o mes de Setembro, antes da asistencia de alumnos ás aulas, crearanse os “**cursos**” **dentro das aulas virtuais**, así como os usuarios para o alumnado e o profesorado.
- ❖ Durante os primeiros días de clase, en Setembro, os titor@s de cada un dos grupos facilitarán ao alumnado a **inscripción na aula virtual**; así como que se matriculen en cada un dos cursos.
- ❖ Todo o profesorado asegurase de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e a metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o **ensino a distancia**.
- ❖ **A aula virtual**, os cursos e os usuarios terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de Setembro.
- ❖ No mes de **Setembro** @s titor@s identificarán ao alumnado que, por mor de falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puideran perder o acceso á **educación telemática**. (Como se recalcou anteriormente, o día 15 @s titor@s teñen que ter esa información recollida e trasladala á dirección)
- ❖ Debemos sacar das aulas todo tipo de material (xogos, xoguetes...) que non sexan de plástico ou que non podan desinfectarse polo tipo de material do que están feitos.
- ❖ **Na materia de EF** o alumnado deberá realizar actividades individuais e con material que poda ser desinfectado ou permanecerá na aula realizando tarefas mais teóricas relacionadas coa área.

Plan de CONTINXENCIA PARA O CURSO 2020/21.

O Plan de continxencia do CEIP FONDO NOIS, ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa.



ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE A APARICIÓ DUN ABROCHO.

- ❖ Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- ❖ Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocáraselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
- ❖ Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. O centro educativo conta cun “**equipo COVID-19**” que é o encargado de xestionar todos os aspectos relacionados con este asunto. Este equipo está formado polo director, xefa de estudos e a orientadora do centro.
- ❖ No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.
- ❖ A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.



- ❖ Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiránse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.
- ❖ A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
- ❖ A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:
 - * A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
 - * Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.
- ❖ A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.
- ❖ A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da



materia ou a avaliación continua da mesma.

- O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
- Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
 - a) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. Vía telefónica, con Abalar Móbil ou vía telemática. Empregaranse soamente medios corporativos e da Consellería para cumprir a Lei de protección de datos vixente e garantir a unificación a nivel de centro.
 - b) Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
 - c) Realizar tarefas de desinfección profundas no centro a través da limpeza dependente do Concello.
 - d) Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.
 - e) Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

- Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade











Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:



1. Fase 1 (Adecuación dos espazos)	2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos)	3. Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)	4. Fase 4 (Fase de reactivación)
<p><i>Duración:</i> Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.</p> <p><i>Obxectivos:</i> - Análise da situación dos espazos e as súas necesidades. -Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuindo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles. - Redefinición dos circuítos de circulación interna. - Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada. - Reorganización das quendas para o horario da comida.</p>	<p><i>Duración:</i> 1 semana. A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.</p> <p><i>Obxectivos:</i> - Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans. - Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase. -Utilización dos espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro. - Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo. - Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2</p>	<p><i>Duración:</i> 1 semana. A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%. Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.</p> <p><i>Obxectivos:</i> - Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva. -Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.</p>	<p><i>Duración:</i> 1 semana. A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100%. Se fose posible manterase dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.</p> <p><i>Obxectivos:</i> - Reforzo e fomento de hábitos aprendidos. - Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para o alumnado. - O recreo e a comida será realizada en dúas ou tres quendas.</p>



PROTOCOLO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN PARA O CURSO 2020/21.

-  Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos 3 veces ao día.
-  Mostrarase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas, elementos das cisternas e outros dos aseos.
-  Durante a xornada lectiva unha persoa do servio de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos 3 veces ao día. En todo caso nos aseos existirá material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.
-  As medidas de limpeza estenderanse tamén ás zonas como: cocinas (onde se limpará todo o enxoval no lavalouzas), salas comúns do profesorado, e a todo aquilo que teña podido estar en contacto coas mans dos estudantes.
-  Realizarase unha limpeza e desinfección dos postos de traballo compartidos, en cada cambio de quenda, e ao finalizar a xornada, sobre todo naqueles utilizados por máis dun usuario quen realizará ao finalizar o uso individual a limpeza dos elementos utilizados. Cada usuario ao terminar de utilizar un ordenador de uso compartido, limpará a superficie do teclado, do rato e da pantalla con xel desinfectante.
-  Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados polo Ministerio de Sanidade.
-  Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.
-  Ventilaranse frecuentemente as instalacións e por espazo de polo menos 5 minutos ao inicio da xornada, ao finalizar e entre clases, sempre que sexa posible.
-  Os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue serán refugados en papeleiras ou contedores protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.
-  No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros productos



usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada unha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.



MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN COLECTIVA PARA O CURSO 2020/21.

- ⊕ Nas entradas do centro disporase de produtos de hixiene que permitan, tanto ao persoal do centro coma ao alumnado e usuarios dos espazos de atención ao público, realizar unha axeitada hixiene de mans.
- ⊕ En todas as aulas, na zona máis próxima á porta da mesma, colocarse un dispensador de xel hidroalcohólico.
- ⊕ Establecerase a distancia mínima de seguridade (1,5 metros) tanto nos accesos como nos espazos de atención ao público.

SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE PROTECCIÓN .


- A Consellería realizará un aprovisionamento inicial de elementos de sinalización e máscaras de protección.
- O centro educativo, con cargo aos seus gastos de funcionamento, suplirá o aprovisionamento de xel hidroalcohólico e os seus dispensadores, panos desbotables, materiais de limpeza e desinfección, papeleiras de pedal e cartelería.
- O centro fará a contabilización dos custos deste material individual, respecto das restantes subministracións do centro. Corresponde ao equipo COVID en colaboración coa secretaría do centro distribuír, organizar, contabilizar (inventario separado) e certificar os consumos e gastos producidos.

MEDIDAS EN RELACIÓN CO ALUMNADO TRANSPORTADO.


-  Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego de máscara.
-  Os acompañantes do transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado, velarán por que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que



cada usuari@ ocupe o seu asento en todo momento.

-  O alumnado transportado terá prioridade para a entrada nas aulas. Faranse ringleiras coa suficiente separación entre alumn@s. A saída do alumnado transportado organizarase de mesmo xeito á entrada.

MEDIDAS EN RELACIÓN CO USO DO SERVIZO DE COMEDOR.

-  No comedor do CEIP FONDO NOIS establécese una quenda, xa que poden usarusalo todos os nenos e nenas que o solicitan, respetando a distancia de 1,5 metro entre un e outro grupo-aula.